

# CIG-Saúde INFORMA

## O SERGAS ignora a sobrecarga das/os PSX dos centros e contrata para "novas funcións"

A Atención Primaria, e as súas áreas administrativas, non necesitan "inventos" necesitan solucións.



CIG-Saúde levamos anos denunciando a saturación das/os PSX das áreas administrativas dos diferentes centros de saúde e, en lugar de contratar profesionais que permitiran facer fronte a esa saturación, o SERGAS incrementa as súas funcións de xeito exponencial.

Non contentos con esta situación límite, agora o SERGAS contrata **81 PSX** no marco dun financiamento que ven do Estado para 3 liñas de actuación en Atención Primaria, unha delas para a mellora integral da atención administrativa.

A estes PSX contratados non se lles permite "aliviar" a carga de traballo das/os compañeiras/os xa que non van poder facer traballo ordinario nas áreas administrativas senón que farán información as usuarias e usuarios sobre o uso de e-Saúde e das novas tecnoloxías. E, aínda por riba, indícaselles que dirixan as/os usuarias/os ás áreas administrativas para a activación da chave 365, e-Saúde, etc.

É dicir, co seu traballo, van sobrecargar aínda mais aos seus/súas compañeiros/as.

Pois cabe dicirlles tanto ao Ministerio como ao SERGAS que isto non é o que precisan os/as PSX dos centros de saúde:

- Precisan persoal e precisan espazos físicos adaptados onde poidan dar un servizo á cidadanía preservado a intimidade dos/as usuarios/as.

As/os usuarias/os demandan unha atención individualizada e con dereito á intimidade e non soporte tecnolóxico.

## Xa está ben de "inventos"!!

O SERGAS debe apostar xa pola Atención Primaria e polas/os profesionais que a integran!!

E non maquillar a realidade intentando "vender" modernidade!!

